


# Fala Londres 6

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



## Hora de ler


Como parte do Proxecto lector do centro, neste último trimestre, dedicamos varias sesións para actividades de lecturas compartidas e libres que posteriormente se compartiron coa clase. O alumnado dos cursos superiores leu Expedición ao Pacífico para poder ter unha sesión coa autora.

As part of the Centre's reading project, in this last term, we dedicated various sessions to shared and free reading activities that, afterwards, are shared with the class. Older pupils read Expedition ao Pacifico to be able to have an encounter with the author.

## Día do libro

Como parte das actividades do Día do libro, participamos na actividade Portadas Vivas que consistiu en interactuar con libros galegos e buscar diferentes perspectivas para conseguir unha foto orixinal. Máis de 20 creacións foron seleccionadas para formar parte dunha exposición na biblioteca.

As part of the Book Day activities, we took part in a Live Covers activity that consisted in interacting with Galician books and to look for different perspectives to obtain an original picture. More than 20 creations were selected to be part of an exhibition in the library.



## Maios

Como xa é habitual, celebramos esta festa popular, época de exaltación da natureza polo comezo da primavera. Traballamos dous tipos de cantigas para cantar ao redor do maio. Unha composición máis tradicional, que se interpretou con claves e outra de creación propia inspirada en aspectos máis actuais.

As usual, we celebrate this popular festival, a time of exaltation of nature at the beginning of spring. We worked on two types of songs to sing around the May. One is a more traditional composition, interpreted with claves, and the other is a song of our own creation inspired by more current aspects.



## Galician/English cooking



Seguimos co intercambio de actividades co alumnado do IES Terra de Trasancos (Narón, A Coruña). Nesta ocasión, intercambiamos receitas galegas en inglés e receitas inglesas en galego. Para todo o alumnado, Grazas e bo proveito!

We continue with the exchange of activities with students from IES Terra de Trasancos (Narón, A Coruña). This time, we exchange Galician recipes in English and English recipes in Galician. For all the students, thank you and enjoy your meal!

## Letras Galegas 2023

Do 15 ao 19 de maio, celebramos as Letras Galegas 2023 con exposicións, documentais, cine, música, concursos e actividades lúdicas relacionadas con esta efeméride.

Como colofón, o venres 19, vinte alumnos/as da ESO emprenderon unha viaxe de estudos a Galicia de cinco días de duración na que, ademais de practicar a lingua, poderán coñecer o rico patrimonio cultural e paisaxístico da nosa comunidade.

From the 15th to the 19th of May, we celebrate the Letras Galegas 2023 with exhibitions, documentaries, cinema, music, competitions and recreational activities related to this event.

As a culmination, on Friday 19th, 20 ESO students will undertake a five-day study trip to Galicia where, in addition to practising the language, they will be able to get to know the rich cultural and landscape heritage of our community.



## Premios das Letras



Como parte das actividades programadas no mes de maio, resolvemos os certamen de cartel e marcapáxinas das Letras Galegas e tamén entregamos os diplomas dos concursos de cartel, marcapáxinas e literarios. Ademais, tamén se entregaron para a mellor fotografía da viaxe a Galicia.

As part of the activities planned in the month of May, we decided on the best poster and bookmark in the Letras Galegas contest and we also awarded the diplomas of the poster, bookmark and literary contests. In addition, they were also awarded for the best photography of the trip to Galicia.



# Viaxe da lingua



Do 19 ao 23 de maio, 20 estudantes de galego participaron nunha súa viaxe de estudos a Galicia onde, ademais de practicar a lingua, puideron coñecer a riqueza artística e paisaxística galega.

Lugares: Santiago de Compostela, A Coruña e Pontevedra.

Museos: catedral de Santiago, Pórtico da Gloria, Domus, Aquarium Finisterrae.

Natureza: Parque Natural de Carreirón

Deportes: kayak e actividades acuáticas polas Rías Baixas.

From 19 to 23 May, 20 students of Galician studies participated in a study trip to Galicia where, in addition to practising the language, they were able to get to know the artistic and scenic wealth of Galicia.

Places: Santiago de Compostela, A Coruña and Pontevedra.

Museums: Santiago Cathedral, Pórtico da Gloria, Domus, Aquarium Finisterrae.

Nature: Carreirón Natural Park

Sports: kayaking and water activities along the Rías Baixas.

# Marilar Aleixandre

A mediados de xuño, recibimos a visita de Marilar Aleixandre, Premio nacional de narrativa 2022, pola obra 'As malas mulleres' (Galaxia). Marilar é narradora, poeta, tradutora e membro da Real Academia Galega.

Participou en varios encontros co alumnado de Secundaria e Primaria e tamén coa conferencia aberta á comunidade docente e ao público en xeral: Memoria e desmemoria de vidas esquecidas: "As malas mulleres".

Mid-June, we welcomed Marilar Aleixandre, winner of the National Fiction Prize 2022, for her work 'As malas mulleres' (Galaxia). Marilar is a narrator, poet, translator and member of the Galician Royal Academy.

She participated in several meetings with Secondary and Primary school students and also with a conference open to the teaching community and the general public: Memoria e desmemoria de vidas esquecidas: "As malas mulleres".

## ENCANTO LITERARIO CON MARILAR ALEIXANDRE



PREMIO NACIONAL DE NARRATIVA 2022

INSTITUTO ESPAÑOL VICENTE CAÑADA BLANCH  
317 PORTOBELLO ROAD, W10 5SA LONDRES

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

ORGANIZA

COLABORA



# Día de Galicia

Tras varios anos sen celebrarse por mor da pandemia, o Centro Galego de Londres organizou o domingo, 25 de xuño, de 12.00 a 19.00 h, nas instalacións do IE Vicente Cañada Blanch, o DÍA DE GALICIA, coa actuación do grupo Fuego Vivo, Grupo de Gaitas do Centro Galego, música tradicional, baile, comida, sardiñada e moitas sorpresas máis...

After several years without being celebrated due to the pandemic, the Centro Galego de Londres organised on Sunday, 25th of June, from 12.00 to 19.00 h, in the facilities of the IE Vicente Cañada Blanch, the DAY OF GALICIA, with the performance of the group Fuego Vivo, Pipe Group of the Centro Galego, traditional music, dance, food, sardines and many surprises more...

